

Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 172 do 10.9.2026

Resolución do 10 de setembro de 2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 21 de xullo de 2026, pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 10 de setembro de 2026, o tribunal nomeado pola Resolución do 9 de setembro de 2026, de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 10 de setembro de 2026.
2. Os exercicios primeiro e segundo do proceso selectivo unitario de acceso por oposición libre levaranse a cabo o día **28 de setembro de 2026, no Recinto Feiral de Silleda, ás 15:30 horas, en chamamento único.**
3. Proba de avaliación de coñecementos:

O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos, que consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas, propostas por este tribunal, das cales só unha delas é correcta.

Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, un total de 10 preguntas de reserva, que no suposto que se anule algunha das cuestións da proba de coñecementos, teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.

A proba terá unha duración de 120 minutos e non se concederá tempo a maiores.

As portas de chamamento serán publicadas na páxina web da Agasp, e cada persoa aspirante será chamada unha soa vez na porta que lle corresponda de conformidade con este documento.

O chamamento establécese ás 15:30 horas e as persoas aspirantes que non comparezan ao chamamento entenderanse decaídas no seu dereito a continuar no proceso selectivo.

Rematado o exercicio por todas as persoas aspirantes, publicarase na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal>) o enunciado e o cadro de respostas correctas do exame tipo test e o enunciado da proba de coñecemento da lingua galega.

Concedéranse dous días (29 e 30 de setembro de 2026) para presentar alegacións as preguntas do cuestionario. As alegacións remitiranse á dirección de correo electrónico seguinte: seleccion.agasp@xunta.gal, indicando nome, apelidos, número do DNI e a cuestión que se impugna co motivo. Non se terán en conta as alegacións que non se axusten ao establecido neste punto.

Achégase como anexo a esta resolución, o modelo de plantilla de respostas correctas que se empregará na realización do primeiro exercicio, co obxecto de facilitar ao persoal aspirante a súa cobertura, sen erro



Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 172 do 10.9.2026

A proba será cualificada de cero a dez puntos e será preciso acadar cinco puntos como mínimo.
A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N = (A - F/3)/10$$

N= cualificación final da proba;
A=preguntas acertadas;
F=preguntas erradas ou non contestadas.

Así:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta ou non contestada descontará un terzo dunha pregunta correcta.

Na elaboración das cuestións a responder teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que con 2 de setembro de 2026 contarán con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

4. Proba de coñecementos da lingua galega

O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente a avaliación do coñecemento da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos.

Realizarase un chamamento único inmediatamente ao rematar a proba de coñecementos, a través da porta 1.

Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán e terá unha duración máxima dunha hora.

As normas aplicables para á realización desta proba son:

1. Os textos non poderán escribirse enteiramente en letra maiúscula. Esta deberá utilizarse só cando así o esixan as normas ortográficas do galego.
2. Os textos propostos deberán reproducirse literalmente. As palabras sinónimas non son unha opción sempre e cando a palabra orixinaria sexa válida dende o punto de vista lingüístico.
3. Aconséllase que revisen as traducións efectuadas co fin de asegurarse que non queda ningunha frase ou palabra por traducir.
4. A letra debe ser claramente lexible co fin de que permita unha lectura fluída. Neste senso, cómpre marcar con claridade os acentos gráficos das palabras.



Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026

Publicación nomeamento tribunal: DOG número 172 do 10.9.2026

5. Normas aplicables aos dous exercicios:

Recordáselle ao persoal aspirante que a base 7 da orde da convocatoria establece que:

“Non se permitirá o acceso á realización das probas con calquera tipo de dispositivo electrónico ou non, de transmisión ou recepción de datos, imaxes ou son (tales como teléfonos móbiles, reloxos de calquera tipo, auriculares, dispositivos intrauditivos ou calquera outro elemento análogo), nin libros, apuntamentos ou calquera material de consulta.

A posesión de calquera destes elementos no lugar de realización das probas, aínda que estean apagados ou sen empregar, ou a mera sospeita fundada de fraude por copia ou axuda externa, será causa de expulsión inmediata do proceso selectivo, sen prexuízo das responsabilidades penais ou disciplinarias en que poida incorrer a persoa aspirante.

Co fin de garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, o tribunal e o persoal colaborador adoptarán as medidas necesarias para evitar calquera tipo de fraude ou copia durante o desenvolvemento das probas.

Para estes efectos, poderanse aplicar as seguintes medidas de control:

a) O persoal aspirante accederá á realización das probas coas orellas despexadas e as bonecas visibles para comprobar a ausencia de auriculares, dispositivos intrauditivos, reloxos ou calquera outro dispositivo non autorizado. O tribunal poderá requirir en calquera momento a inspección visual destes elementos.

b) Non se permitirá o acceso á realización da proba de coñecementos e da proba de coñecementos da lingua galega nin as probas psicotécnicas con bolsas, mochilas, carpetas ou abrigos.

c) O persoal colaborador e o tribunal poderán utilizar dispositivos técnicos de detección de frecuencias ou metais nas aulas para identificar a presenza de aparellos electrónicos ocultos ou activos.

d) No caso de que se detecte a unha persoa aspirante copiando, comunicándose co exterior ou portando algún dos dispositivos prohibidos e sinalados na base 7.6, o tribunal procederá á súa expulsión inmediata da aula, retirándolle o exame e levantando acta detallada dos feitos. Esta persoa quedará automaticamente excluída do proceso selectivo e perderá todos os dereitos derivados da súa participación”.

Polo tanto, en aplicación desta base 7 da convocatoria:

As persoas aspirantes deberán cumprir as seguintes regras:

- Deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e mantelo en todo momento que duren o/os exercicio/s enriba da mesa asignada.



Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 172 do 10.9.2026

Queda **TERMINANTE PROHIBIDO** acceder ao recinto onde se van a desenvolver os exercicios 1º e 2º deste proceso selectivo con:

- Dispositivos electrónicos: Teléfonos móbiles, reloxos de calquera tipo (electrónicos, analóxicos ou intelixentes), axendas electrónicas, calculadoras ou calquera outro material, dispositivos (incluídos os denominados intraauditivos) ou instrumento electrónico ou non, de transmisión ou recepción de datos, imaxes ou son.
- Contedores e roupa: Bolsos de man, bolsas, mochilas, carteiras, estoxos, fundas, abrigos, gorros, panos, bufandas, paraugas ou calquera outro tipo de contedor ou elemento accesorio.
- Material de apoio: Libros, notas ou calquera outro material non facilitado polo tribunal.

INEXISTENCIA DE SERVIZO DE DEPÓSITO O CUSTODIA

Infórmase de que **non se habilitará ningún servizo de recollida, depósito ou garda** de teléfonos móbiles, reloxos, bolsos nin de calquera outro material. Nin o persoal integrante do tribunal nin o persoal colaborador asumirá responsabilidade algunha sobre estes obxectos.

Recoméndase ás persoas aspirantes que non acudan ao lugar do exame con ningún dos obxectos prohibidos, xa que so poderán acceder ao recinto coa roupa que vistan (sen abrigos, bufandas, panos... e calquera elemento accesorio) e o DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

CONTROIS DE SEGURIDADE E EXPULSIÓN INMEDIATA

No chamamento realizaranse controis a todo o persoal aspirante que acceda ao lugar de realización das probas, tendo en conta as prohibicións acordadas por este Tribunal.

O tribunal e o persoal colaborador realizarán ademais **CONTROIS ALEATORIOS** ao longo de todo o exercicio.

A detección de calquera dos elementos prohibidos no interior do recinto, con independencia de que estea apagado, en modo silencioso ou gardado en calquera parte da vestimenta ou do corpo, suporá a **EXPULSIÓN INMEDIATA E DEFINITIVA** da persoa aspirante.

Toda persoa aspirante que se negue a someterse ao control de seguridade será igualmente expulsada de forma inmediata.

Durante a realización do exercicio deberán manter en todo momento visibles os pavillóns auditivos.

6. Serán convocadas a realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física) as 300 persoas aspirantes que resulten aprobadas con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos, sempre que superaran o exercicio de acordo co establecido nas bases da convocatoria e sexan aptas na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentas da súa realización.



Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 172 do 10.9.2026

Todas aquelas persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a 300 mellor cualificación na proba de coñecementos serán convocadas igualmente á realización do terceiro exercicio.

A Estrada, asinado dixitalmente

A presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

